


LUGAR DA COMPETICIÓN



EXCLUSIVO
PARA CAZADORES FEDERADOS



MUTUASPORT

En Mutuasport, a mutua dos cazadores, dirixida exclusivamente POR e para os cazadores, sabemos cales son as túas necesidades, por iso ofrecémosche a mellor variedade de seguros de caza

- Seguro de R.C. do cazador
- Seguro de danos propios
- Seguro de R.C. dos cans
- Seguro de R.C. de competicións
- Seguro de R.C. de ganchos e monterías
- Seguro de R.C. para Tecores



Infórmate na túa sociedade,
nunha das oficinas da
FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA
ou na nosa web

www.federaciongalegadedecaza.com



*"A Caza, unha actividade física saudable
en plena natureza"*

XXIII CAMPIONATO GALEGO COMPAK SPORTING

15 - 16 XULLO 2023
CAMPO DE TIRO "RIO SAR"
CHAIÁN - TRAZO (A CORUÑA)

COMITÉ ORGANIZADOR

DON LUIS EUSEBIO FIDALGO ÁLVAREZ

Presidente Federación Galega de Caza

DON JOSÉ MARÍA ÁLVAREZ VILLAR

Presidente Federación Galega de Caza na Coruña

DON JOSÉ LUIS SÁNCHEZ MANCEBO

Presidente Sociedade de Caza 'Río Sar'

D. RAMÓN RODRÍGUEZ COBAS

Vicepresidente da Federación Galega de Caza

DIRECTOR DE TIRO

DON DANIEL CEBREIRO GARCÍA

Delegado de Tiro da Federación Galega de Caza

ÁRBITROS

Serán designados polo Comité de Xuíces e Árbitros da FGC

XURADO DE COMPETICIÓN

Nomearase pola Federación Galega de Caza

SORTEO DE ESCUADRAS E DORSAIS

O sorteo de escuadras e dorsais realizarase o día 13 de xullo ás 9:00 horas, na sede da Federación Galega de Caza en Santiago de Compostela.

REGULAMENTO

O campionato rexerese polo vixente regulamento da Federación Galega de Caza e normas complementarias da Federación Galega de Caza.

Segundo a normativa de Compak Sporting e Percorridos de Caza, é obrigatorio o emprego de proteccións acústicas e ópticas para participantes e para xuíces.

Para participar en calquera proba é obrigatorio ter a documentación en vigor para a competición na que se participa, sendo responsable o participante das consecuencias derivadas do incumprimento desta condición ante calquera eventualidade.

DATAS E HORARIOS

15 de xullo de 2023

Adestramentos a partir das 11:00 h

16 de xullo de 2023

8:00 h – Concentración de participantes no campo de tiro.

8:30 h – Comezo da competición

PARTICIPACIÓN E INSCRICIÓN

O campionato disputarase no campo de Tiro denominado Río Sar, sito en Vilouchada - Chaián, concello de Trazo (A Coruña) sobre 150 pratos, nas categorías de Home, Muller, Sénior, Veterano, Master, Xuvenís e Tiro Adaptado.

Participarán 65 tiradores oficiais: 18 por A Coruña, 17 por Lugo, 13 por Ourense e 17 por Pontevedra mais o campión do ano anterior.

As inscricións dos Seleccionados Provinciais realizaranse mediante a acta do Campionato Provincial, debendo obrar estas, na sede da FGC antes do día 13 de xullo. Os participantes deben estar en posesión da tarxeta federativa da Federación Galega de Caza en vigor. Conforme a normativa de competicións da FGC os deportistas que participen en competicións nas que se utilicen armas, deberán dispor de un seguro de R.C. cunhas coberturas mínimas de 600.000 € sen sublímite por vítima.

Por libre poderá participar calquera tirador federado que o desexe, debendo inscribirse na FGC antes do 13 de xullo. O pago da inscrición poderá realizarse antes de remata-lo prazo da mesma mediante transferencia en **Abanca na conta ES59 2080 0393 74 3040000159,**

PREZO INSCRICIÓN: 70 € HOME, MULLER, SENIOR, VETERANO E MASTER

40 € XUVENIL

O nº de prazas da selección galega estará formado por 6 tiradores, 4 da categoría home, clasificados conforme á normativa de competicións da FGC, e 2 tiradores pertencentes a dúas categorías especiais (sénior, donas, xuvenís, veteranos, Master e Tiro adaptado). Para a elección das categorías especiais tomarase como base aquelas nas que o primeiro clasificado obtivera maior número de pratos escachados no Campionato Galego conforme á normativa de competicións da FGC.

O COMITÉ ORGANIZADOR RESERVA SE O DEREITO DE MODIFICA-LO SEGUINTE PROGRAMA SE CIRCUNSTANCIAS EXCEPCIONAIS ASÍ O ACONSELLAN.

ADVERTENCIA: A lei 3/12, do Deporte de Galicia prohibe a introdución e venda de bebidas alcohólicas nos lugares onde se estean a celebrar probas deportivas. Polo tanto, queda prohibido tanto o consumo como a venda de bebidas alcohólicas dentro do recinto deportivo durante a celebración da proba.